



DECRETO

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DURANTE O CURSO ESCOLAR 2022/2023 DO CEIP OZA DOS RÍOS

Por providencia da Alcaldía de data 23 de setembro de 2022 aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras das actividades extraescolares durante o curso 2022/23 de CEIP Oza dos Ríos nas que se regula o desenvolvemento das actividades extraescolares propostas polo CEIP que contribuirán a unha mellora da calidade educativa prestada ao alumnado ao tempo que facilitan a conciliación das familias e permiten un desenvolvemento máis sinxelo e eficiente de todos os plans de estudo.

Concluído o prazo de presentación de solicitudes de participación polo alumnado nas citadas actividades, recíbese escrito de data 7 de outubro de 2022 (Rexistro de entrada: 2022-E-RC-6717 do 07.10.2022) remitido pola Dirección do CEIP de Oza dos Ríos no que, en vista das numerosas solicitudes que tivo a actividade de informática ofertada solicita, para dar cabida a todo o alumnado solicitante da dita actividade como primeira opción, a modificación do ratio máximo desta actividade.

Polo exposto, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle son conferidas pola normativa vixente acorda:

Primeiro.- Acceder ao solicitado pola Dirección do CEIP de Oza dos Ríos e dar unha nova redacción á cláusula terceira das bases reguladoras das actividades extraescolares durante o curso 2022/23 de CEIP de Oza dos Ríos que queda redactada do seguinte xeito:

“ 3) ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES OFERTADAS: DÍAS, HORARIOS, DURACIÓN, PRAZAS MÍNIMAS E MÁXIMAS, LUGARES DE REALIZACIÓN, EMPRESAS ENCARGADAS DA SÚA IMPARTICIÓN E COTA MENSUAL DE PARTICIPACIÓN.

3.1.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES OFERTADAS

	DÍA SEMANA	HORARIO	N.º MÍNIMO DE PRAZAS	N.º MÁXIMO DE PRAZAS	LUGAR DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE	COTA MENSUAL PARTICIPACIÓN
PATINAXE	Luns	15:30h a 16:30h	10	20	Pavillón Lois	8€/mes
INFORMÁTICA	Martes	15:30 h a 16:30 h	10	22	CEIP Oza dos Ríos	8€/mes
URBAN DANCE	Xoves ou Venres	15:30h a 16:30h	10	20	Pavillón Lois	8€/mes
XIMNASIA RITMICA	Martes ou Xoves	15:30h a 16:30h	10	20	Patio CEIP Oza dos Ríos	8€/mes
TAEKWONDO	Luns ou Mércores	15:30h a 16:30h	10	20	Patio CEIP Oza dos Ríos	9€/mes

** Naquelas actividades en que os lugares de desenvolvemento das actividades non se encontren dentro do recinto escolar os pais ou tutores encargados das nenas e nenos participantes ou persoa autorizada deberán encargarse do seu desprazamento.*

- As actividades extraescolares rematarán o 31 de maio de 2023.”





Segundo.- Expoñer ao público o presente acordo na páxina web do Concello.

Oza-Cesuras, na data/s da/s sinatura/s electrónica/s

Dou fe,

O ALCALDE,

O SECRETARIO

Ado./ José Pablo González Cacheiro

Asdo./ José C. Sánchez Presedo

